
Xosé Manuel Sánchez Rei e María Aldina Marques (orgs.), *As Ciéncias da Linguagem no espaço galego-português. Diversidade e convergência*, Braga, Instituto de Letras e Ciências Humanas da Universidade do Minho, 2016, 261 páxinas.

Data de recepción: 05/10/2018 | Data de aceptación: 05/11/2018

A monografía *As Ciéncias da Linguagem no espaço galego-português. Diversidade e convergência* (2016), editada pola Universidade do Minho e organizada por Xosé Manuel Sánchez Rei e María Aldina Marques, componse de nove artigos provenientes de académicos e académicas da Universidade da Coruña e da correspondente institución minhota. Tras unha introdución da man dos organizadores, o volume comeza cun traballo Xosé Ramón Freixeiro Mato intitulado “Sobre identidades e modelos de lingua na Galiza” (p. 15-38). O profesor da Coruña sorprende coa introdución de conceptos pouco coñecidos no campo da sociolingüística galega como “relingüificación” e “reetnificación” (p. 18), isto é, o proceso de os bilingües cesaren a produción nunha das súas linguas e adoptaren a identidade de grupo que a outra leva asociada. Con todo, advirte que a “relingüificación” non vai en todos os casos parella ao proceso de “reetnificación”, como acontece en Irlanda, no País Vasco ou en Cataluña. Mesmo na propia Galiza, cada vez esténdese máis a idea de que tan galegos son os que falan galego como os que falan castelán e os que senten ambas as linguas como propias. Ao mesmo tempo, o galego tende a se considerar elemento definitorio da identidade galega en maior grao polas persoas que si falan a lingua que por aquelas que falan castelán, pois estas últimas intúen e combaten unha potencial exclusión do grupo. Resulta esclarecedora a súa apreciación de as dúas grandes variedades do galego coñecidas como “galego popular” e “galego normativo” (p. 23) levaren parellas actitudes político-ideolóxicas de non-nacionalistas e nacionalistas respectivamente. Nova é a idea de Iglesias Álvarez (2013), que afirma que os galegofalantes teñen maior repertorio lingüístico, aínda que non no sentido de seren bilingües, mais no feito de dominaren máis variedades lingüísticas como o castrapo. Freixeiro Mato apunta tamén á idea de que o galego é percibido como unha lingua con moita variación interior e o castelán como unha entidade monolítica. Deste xeito, os falantes senten no castelán estabilidade e confianza ao paso que no galego perciben moita confusión e incomodidade. Para finalizar, pon o foco de atención na necesidade dun modelo de lingua “auténtico e de calidade” (p. 34) para a supervivencia da lingua e, por tanto, da nosa identidade como pobo.

O seguinte contributo é o de Manuel Ferreiro, quen, pola súa parte, trata a cuestión da segmentación das cadeas gráficas manuscritas dos cancioneros medievais no traballo “Materiais para unha revisión crítica da segmentación de *é* no texto das cantigas profanas galego-portuguesas” (p. 39-64). O estudo céntrase no elemento <e>, o cal pode interpretarse como conxunción copulativa ou como forma correspondente á P3 do presente do indicativo do verbo *ser*. Ferreiro fai notar numerosos casos en que unha reinterpretación destes fragmentos mellora considerabelmente a fluidez sintáctica e trae consigo notábeis implicacións interpretativas, literarias e mesmo rítmicas.

Anabela Leal de Ramos, en “As unidades de medida nas receitas de cozinha, medicina, agricultura e pecuária do Ms. 142 do Arquivo Distrital de Braga” (p. 64-97), continúa as remudas cun capítulo que aborda o estudo das unidades de medida que aparecen en receitas culinarias e médicas portuguesas dos séculos XVI e XVII. Alén de unidades de medida históricas como a “arroba”, a “libra” ou a “onça” (p. 86-76), resultan especialmente interesantes as maneiras de se referir a cantidades vagas ou aproximadas: por exemplo, para o sal dise que se use “a cantidade das perdises” (p. 74) ou “a cantidade das sardinhas” (p. 74). Tamén son de interese vocábulos como “bocado”, “ladrilho” ou “talhada” (p. 78) ou expresións inusuais como “um pequeno de”: “hum pequeno de salsa” (p. 82). Destaca igualmente a referencia a medidas segundo o prezo de adquisición, cal é o caso de “hu’ miolo de paõ de 10 reis” (p. 89) ou mesmo o emprego das propias moedas para medir, segundo se ve en “pimenta q’ cubra real e meio” (p. 90). Canto á medida do tempo, chaman a atención expresións vagas relacionadas coa relixión, como “spaso de dous credos” (p. 92). En resumo, o traballo ilustra a presenza de unidades de medida con valores bastante concretos que alternan con outras referencias de maior imprecisión, mais que nutren todas elas unha riquísima expresión de tales contidos nestes textos.

O seguinte capítulo, intitulado “Aproximação geral aos marcadores discursivos de controlo de contato” (p. 99-128), corresponde a Xosé Manuel Sánchez Rei. Estes elementos (MCC), a pesar de seren prescindíbeis a nivel sintáctico, teñen implicacións cruciais no plano pragmático-textual. Os MCC poden ser desempeñados por conxuncións e locucións conxuntivas, verbos ou nomes, os cales, co pasar de tempo, se van desgramaticalizando, situación que os fai interesantes tamén desde a perspectiva histórica. Con todo, os verbos que funcionan como MCC manteñen unha ampla variación morfolóxica, o que contrasta fortemente coa tendencia xeral dos marcadores discursivos, normalmente reticentes á variación. Segundo sinala Sánchez Rei, os MCC aparecen nomeadamente en textos conversacionais e en rexistros informais, aínda que hai textos literarios que os conteñen tamén en ocasións tratando de reproduciren aqueles. Algúns MCC teñen unha ocorrencia case exclusiva en determinadas faixas etarias (“meu”, “aieu”), hainos que responden

mesmo á distribución diatópica (“ché”) e outros aparecen indistintamente en todos os perfís (“ho”, “ne”, “mira”) (p. 110-115). O autor remata dicindo que a comparanza co portugués constata que a lingua galega se está erosionando tamén neste campo debido ao contacto co español, o cal se está impondo tamén en expresións lingüísticas que afectan a dimensión pragmática.

A seguir achamos “Um olhar da sociolinguística interacional para comunidades de práctica virtuais: construindo identidades numa lista de tradução” (pp. 129-161), da autoría de Sandra María Pérez López. O texto comeza recordándonos a noción de lingua como acción, como resultado da performación, ben como a idea de que usar a lingua é facer comunidade e de que serve para a construción de comunidades nacionais. A investigadora expón que as identidades persoais están construídas polo entrelazamento de diferentes indentidades específicas e que a comunidade de práctica resulta de vínculos concretos e das prácticas lingüísticas. Nas prácticas é onde se enforman identidades lingüísticas a través das actuacións lingüísticas. Apunta que as comunidades non se definen en termos de localización e poboación, senón de interconexión social (“engajamento”, p. 131). É neses contextos “que se (re)criam e, sobretudo, se practican crenças, valores, relaões de poder, e modos de fazer, de falar e de falar sobre a linguagem que constituem as identidades dos seus membros” (p. 134). Así, comunidades de práctica como os grupos de tradutores non están exentos das relacións que domean a sociedade en sentido amplo. Pérez López cita como Shepherd & Saliés (2013) cuestionan que reflexións sobre Lingüística alleas ao campo de Internet sexan válidas nese novo contexto. De feito, modalidades como o correo, que era sempre asíncrono, ao se devir en electrónico pasa a ser sincrónico. Así, ante o feito de poder decidir se o texto é de un para un ou moitos para moitos, tamén recolle que Bauman (2001) afirma a existencia dunha certa supresión do espazo e o tempo que considera definitiva da modernidade. Vai máis aló dicindo que estes dous aspectos se desvinculan entre si e se constitúen categorías distintas, en canto en tempos pre-modernos eran dous aspectos dificilmente distinguíbeis da experiencia vivida. Despois disto, a autora pasa a analizar o caso concreto constatando que o número de listeiros homes participantes na lista de discusión TRAD-PRT é superior ao de mulleres, escriben máis e con textos máis longos e teñen maiores probabilidades de ser respondidos. Con todo, as cifras falan dunha crecente presenza das mulleres e un novo equilibrio debido á necesidade de empoderamento de ambos os grupos ao tempo que se observa tamén certo conflito xeracional. Conclúe a sinalar que nestes ambientes cibernéticos se xestionan os conflitos e tensións, pois séntese a necesidade de facer unha comunidade de onde obter conceptos e valores relevantes para os membros. E é precisamente a través dos conflitos e a discordia presente nestes contextos onde xorde unha identidade grupal, que se vai negociando e redefinindo constantemente.

A monografía continúa cun estudo de Estefanía Mosquera Castro que leva por título “A variación diatópica como estratexia pragmática na escrita electrónica galega” (p. 163-178). Segundo a autora, o uso de variedades dialectais na linguaxe electrónica está máis estendida entre a xente nova que as persoas de máis idade. Estes comportamentos por parte dunha xeración que domina o estándar responden á vontade de marcar a súa individualidade nas interaccións na rede, contorno en que a lingua se converte no factor máis evidente de identidade. Outras veces recórrase aos coñecementos doutras variedades para establecer vínculos co interlocutor ou aferrar espazo, limitado nalgúns soportes. Por outra banda, a escritura con determinados fenómenos fonéticos como *gheada* e *seseo* non sempre se corresponde coa fala dialectal da persoa, mais débese ao desexo de destacar determinadas palabras con fins expresivos.

Avanza o volume cunha achega de Maria Aldina Marques e Isabel Margarida Duarte baixo a epígrafe “Dêixis e valores enunciativo-pragmáticos dos predicados verbais no discurso académico” (p. 179-208). O traballo fin de mestrado é un xénero híbrido a medio camiño entre o discurso científico e o académico. O locutor ou locutora válese de certas escollas lexicais e gramaticais para construír a súa imaxe como investigador novel. O autor ou autora vai presentando o seu discurso incluíndo o alocutario a través de certos recursos, nomeadamente o plural da P1, que serven para construíren a comunidade científica e para se incluíren nela. A persoa que investigadora procura o equilibrio entre certa seguridade que lle dea credibilidade e non ser demasiado asertiva. Para isto, conforme expón Marques (p. XX), emprega a modalidade de estruturas con “poder” e “dever” (p. 193-195), ben como léxico do tipo “ver”, “observar”, “encontrar”, “debrucar-se” como verbos de evidencialidade (p. 198) e outros como “verificar”, “constatar”, “analisar” que proporcionan rigor argumentativo (p. 198). Por último, segundo sinalan ambas as profesoras, o locutor ou locutora negocia a súa posición coa comunidade científica e co xurado a través de tempos verbais como o presente do indicativo e do subxuntivo que permiten presentar os achados do estudo como coñecemento en construción.

Deseguido, José Teixeira presenta o seu traballo “Provérbios, metáfora e publicidade: a sedução pelos implícitos” (p. 209-241). Despois de xustificar que a publicidade é a base da nosa sociedade de consumo, Teixeira fai unha achega ao concepto de “provérbio”, o cal define como “sabedoria / transmitida em (poucas) palabras / pelo povo” (p. 211). As sentenzas proverbiais teñen unha conexión estreita coas metáforas e até ás veces incorporan unha metáfora no seu interior, ao paso que noutras ocasións o proverbio é unha metáfora en si mesmo. Así, fundamenta a relevancia do estudo dos proverbios nos marcos teóricos de George Lakoff e Mark Johnson e a Teoría Neural da Metáfora (p. 216-217), en que se defende o papel central da metáfora no procesamento cognitivo. Alén disto, o proverbio

presenta certas dificultades de interpretación, pois só pode ser comprendido por falantes cun profundo dominio da lingua e funciona en certo modo como adiviña; esta, se se resolver, produce unha sensación de satisfacción, o que os conecta de novo cos preceptos dos devanditos autores en termos de “embodied meaning” (p. 223). Teixeira explica que os proverbios poden ser usados para apoiaren a tese da mensaxe publicitaria, para a contradiciren ou para crearen xogos de palabras e humor. No entanto, o valor fundamental dos proverbios asenta no feito de evocaren a sensación de pertenza á comunidade lingüística, ao grupo social, o que, a pesar de seren vestixios dunha sociedade oral e rural, os dota de completa vixencia e eficacia na sociedade posmoderna, urbana e global en que vivimos.

A obra remata cun capítulo escrito polas profesoras Cristina Flores e Liliana Correia, de título “O papel do grao de exposición lingüística no desenvolvemento bilingüe” (p. 243-261). Se o grao de exposición lingüística dun monolingüe é variábel, no caso das crianzas nadas e educadas en contextos bilingües o grao de exposición a cada unha delas depende aínda de máis factores como a lingua ou linguas que falaren a nai e o pai, o estatus social que cada unha destas tiver na comunidade ou a existencia de irmáns máis vellos. Os inúmeros traballos que teñen estudado a influencia do grao de exposición lingüística no contorno familiar na competencia das crianzas bilingües coinciden en que esta non ten demasiado peso nas habilidades na lingua maioritaria, mais si posúe un efecto directo nas destrezas da minoritaria. Asentándose na hipótese do “critical mass of input”, as autoras ponderan que as crianzas que estiveren menos expostas á lingua minoritaria disporán dunha competencia limitada en idades temperás, mais que conseguirán un nivel equivalente ás persoas monolingües en estadios máis avanzados, pois precisan máis tempo para reuniren a masa crítica de exposición necesaria de forma a adquiriren esas características. Porén, se esta exposición se vir interrompida ou se for insuficiente, certas habilidades poden chegar a non se adquirir nunca, de aí que se recomenden outras fontes de exposición que reforcen a do contorno familiar, como centros educativos con programas bilingües que lles permitan accederen a un modelo de lingua máis normativo e interaxiren con outras crianzas coa mesma experiencia sociolingüística.

En definitivo, podemos convir que o volume *As Ciéncias da Linguagen no espaço galego-portugués. Diversidade e convergência* ten un título plenamente acaído, pois os artigos que o compoñen son extremadamente diversos: como acabamos de ver, abranxen desde o estudo de textos medievais até á análise da interacción comunicativa en Internet e na publicidade, pasando por traballos de tipo sociolingüístico ou da construción da identidade no discurso epistemolóxico, embora todos conflúan nun eixo común, cal é a comunidade lingüística galego-portuguesa. A importancia de que continúe a proliferar este tipo de traballos resulta indiscutíbel, dado que se precisan

estudos científicos e rigorosos que aborden unha realidade en constante mudanza e un pasado que aínda nos custa descifrar. Para alén disto, colaboracións como esta entre a universidade galega e a portuguesa son cruciais para establecermos fluxos de comunicación que enriquezan a visión que ambas as partes teñen de si mesmas e que camiñen cara á construción dunha única estrutura identitaria da cal somos só distintos pés.

Paula Teixeira Moláns

Referencias bibliográficas

Bauman, Z. (2001). *Modernidade líquida*. Rio de Janeiro: Jorge Zahar.

Iglesias Álvarez, A. (2013). “Eu falo castrapo”. Actitudes dos adolescentes ante a mestura de linguas en Galicia (estudo piloto). En Gugenberger et al. (eds.), *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*, 169-190. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Shepherd, T. G., & Saliés, T. G. (2013). *Linguística de Internet*. São Paulo: Editora Contexto.